

LISTA DE ASISTENTES

Alonso Vega, María Flora
Bravo Bernárdez, Jorge
Fernández Fernández, Federico A.
Fernández Iglesias, Manuel
Ferreiro Vázquez, Óscar
Martínez Martín, M^a José
Mejuto Fernández, Juan Carlos
Pena Uris, Gloria M.
Vaquero Díaz, M^a Beatriz
Zas Varela, Mónica

Acta da sesión ordinaria da Comisión Electoral da Universidade de Vigo do día **1 de febreiro de 2017**, convocada para ás 10:00 h.

Ao abeiro do artigo 17.1 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime xurídico do sector público, a xuntanza celebrarase por correo electrónico coa seguinte orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do 20 de decembro de 2016.
2. Aprobación, se procede, da Normativa para a elección de membros da Xunta de Escola da Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo.
3. Outros asuntos de interese.
4. Rolda libre de intervencións.

Ás 10:26 h do día 1 de febreiro, o presidente da Comisión Electoral remite un correo electrónico, a través da Secretaría Xeral, dando comezo á sesión e enviando a todos os membros da Comisión unha proposta de desenvolvemento da sesión e unha proposta de acordos para cada un dos puntos da orde do día.

O texto do correo é o seguinte:

Bos días a todos e todas,

Damos comezo á xuntanza en sesión ordinaria da Comisión Electoral do 1 de febreiro de 2017. A continuación enuméranse os puntos da orde do día, xunto coas propostas de acordo nos puntos nos que corresponda.

*Prégovos que antes das 13:00, respondades a esta mensaxe (“responder a todos”) **indicando se aceptades ou non as propostas de acordo** que se fan, así como calquera intervención que queirades facer en relación a calquera dos puntos da orde do día.*

1.-Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do 20 de decembro de 2016.

PROPOSTA DE ACORDO: *Aprobar por asentimento a acta da sesión do 20 de decembro de 2016, ao non haber alegacións á mesma.*

2.- Aprobación, se procede, da Normativa para a elección de membros da Xunta de Escola da Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo.

Acábase de recibir en Secretaría Xeral esta mesma mañá un escrito de alegacións á Normativa de referencia por parte do Director Comisario do centro D. Arno Formella (Rex. de saída nº 201700001651 de 31 de xaneiro de 2017). Axúntase a esta mensaxe. As alegacións non cuestionan o fondo da Normativa proposta para a súa aprobación, tratándose fundamentalmente de alternativas á redacción orixinal.

PROPOSTA DE ACORDO: *Aprobar por asentimento a Normativa para a elección de membros da Xunta de Escola da Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo proposta, delegando na Secretaría Xeral o estudo das alegacións presentadas e a incorporación daquelas que sexan conformes a dereito.*

3.- Outros asuntos de interese.

Non hai outros asuntos de interese nesta sesión.

4.--Rolda libre de intervencións

Podedes enviar as vosas intervencións ata as 13:00 do día de hoxe como resposta a esta mensaxe. Podedes enviar as intervencións na mesma mensaxe de aceptación ou rexeitamento das propostas de acordo.

Atentamente,

Manuel J. Fernández Iglesias

Vicerreitor de Extensión Universitaria e Relacións Internacionais

Presidente da Comisión.

Secretaría Xeral
Universidade de Vigo

Punto 1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do 20 de decembro de 2016.

Apróbase por unanimidade dos presentes.

Punto 2. Aprobación, se procede, da Normativa para a elección de membros da Xunta de Escola da Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo.

Achégase como **Anexo I** o escrito de alegacións á normativa do director comisario do centro, D. Arno Formella, ao que se fai referencia o presidente da Comisión no texto do correo electrónico.

O Sr. Federico Fernández realiza unha suxestión para modificar a redacción do documento, en relación a tres puntos:

1. Solicita que se manteña sempre a mesma denominación para a Xunta de Escola, xa que no texto se empregan de xeito alternado Xunta de Escola e Xunta de Centro.
2. Tamén apunta á necesidade de que a redacción do texto deixe claro que só nesta primeira ocasión hai un director ou directora comisario, e unha vez constituída a Xunta de Centro, nas sucesivas ocasións será un director ou directora electo.
3. Finalmente, fai fincapé en que debe garantirse a representación do colectivo do PAS, especialmente no inicio desta titulación, ante a posible eventualidade de adscrición de persoas ao centro.

O presidente e a secretaria da Comisión responden indicando que:

As denominacións de Xunta de Escola e Xunta de Centro son equivalentes, polo que se adoptará en todo o texto o termo Xunta de Escola.

Así mesmo, aclararase na redacción a figura do director comisario e dos posteriores directores ou directoras electos.

Respecto á representación do PAS na Xunta de Escola, enténdese que está garantida, de acordo cos Estatutos da UVigo. De tal xeito, o artigo 2 do Regulamento sinala que haberá unha representación do PAS que constituirá o 10% da composición total da Xunta da Escola.

Apróbase por unanimidade dos presentes.

Punto 3.- Outros asuntos de interese.

Non hai outros asuntos de interese nesta sesión.

Punto 4.--Rolda libre de intervencións

Non hai intervencións de ningúns dos presentes neste punto.

Como se indicaba no correo electrónico de inicio de sesión, ás 13:00 h do día 20 de decembro de 2016 finaliza esta sesión ordinaria da Comisión Electoral, da que eu como secretaria xeral dou fe co visto e prace do presidente da Comisión Electoral.

O presidente da Comisión Electoral

A secretaria da Comisión Electoral

Manuel Fernández Iglesias

Gloria Mª Pena Uris